

ANUNCIO do 5 de decembro de 2025 polo que se publica o acordo do tribunal cualificador das probas selectivas para o ingreso nunha praza do corpo auxiliar reservada para ser cuberta por unha persoa que acredite discapacidade intelectual, convocadas por Acordo da Mesa do Parlamento do 24 de xullo de 2024, sobre a cualificación do segundo exercicio.

Asunto: Prazo e requisitos para a acreditación de méritos na fase de concurso

De conformidade co establecido nas bases reguladoras do procedemento de selección, publicadas no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 80, do 10 de setembro de 2024, ponse en coñecemento das persoas aspirantes que superaron a fase de oposición o seguinte:

1. Prazo de presentación

As persoas aspirantes que superaron a fase de oposición dispoñen dun prazo de **vinte (20) días hábiles** para presentar a documentación acreditativa dos méritos que desexen que se valoren na fase de concurso.

O cómputo do prazo iniciase o día seguinte ao da publicación deste anuncio na páxina web do Parlamento de Galicia. (<https://www.parlamentodegalicia.es/Institucion/ProcedementosSelectivos>)

2. Data de referencia dos méritos

Unicamente se terán en conta aqueles méritos referidos á data de fin do prazo de presentación de solicitudes para participar no presente proceso selectivo.

Os méritos posteriores á devandita data non serán obxecto de valoración na fase de concurso.

3. Documentación a presentar

A documentación acreditativa dos méritos, orixinal ou copia compulsada, deberá presentarse conforme ao procedemento de acreditación establecido no **Anexo IV** das bases da convocatoria, que regula os requisitos específicos para cada tipo de mérito:

- **Formación académica:** Título oficial ou certificación académica
- **Formación continuada:** Certificado de asistencia con aproveitamento
- **Experiencia profesional:** Certificación emitida pola Dirección de Recursos Humanos ou órgano equivalente.

As copias dos documentos acreditativos de méritos que se presenten deberán estar cotexadas polo responsable do rexistro onde se presenten ou compulsadas por un notario ou funcionario público acreditado para realizar tales funcións.

No caso de presentación por sede electrónica, a compulsa dos orixinais en papel debe ser electrónica, de acordo co artigo 29 do Decreto 191/2011, do 22 de setembro.

Os documentos orixinais asinados electronicamente serán válidos sempre que se mantiveren en soporte electrónico.

Os documentos electrónicos con código de verificación CSV serán válidos en calquera soporte, pois a través do número de referencia poderán cotexarse co orixinal.

4. Lugar de presentación

A documentación poderá presentarse:

- Na sede electrónica do Parlamento de Galicia: <https://sede.parlamentodegalicia.gal>
- No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia (Rúa do Hórreo, núm. 63, 15701 Santiago de Compostela)
- Ou nos lugares establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica.

O secretario do tribunal